

PLAN DIXITAL

IES FIN DO CAMIÑO

[Versión 2.0_ xuño 2023]

Sumario do Plan Dixital

1	Introdución	3
1.1	Datos básicos do centro	3
1.2	Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3	Breve xustificación do mesmo	5
1.4	Proceso de elaboración	6
2	Situación de partida	7
2.1	Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	7
2.2	Fontes empregadas para a análise DAFO	10
2.3	Análise DAFO	12
3	Plan de Acción	15
3.1	Obxectivos, indicadores, accións e seguimento.	16
3.2	Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	22
4	Avaliación do Plan Dixital	23
4.1	Seguimento do Plan de Acción	23
4.2	Valoración xeral.	23
4.3	Propostas de mellora.	25
5	Difusión do Plan Dixital	27

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Nome: IES Fin do Camiño

Código de centro: 15027915

Dirección: Rúa do Voluntariado nº18. 15155 – Fisterra (A Coruña)

Código postal: 15155

Teléfono: 881 960 528

Correo electrónico: ies.findocamino@edu.xunta.es

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfindocamino/>

Etapas educativas: ESO

N.º de liñas: 1

Alumnado no curso 21/22: 75

Profesorado no curso 21/22: 14

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1 Características socioeconómicas da zona

Administrativamente, o concello de Fisterra está integrado na Comarca do mesmo nome e da que forman parte tamén os concellos de Cee, Corcubión, Dumbría e Muxía e forman parte da rexión costeira denominada Costa da Morte. En total contan cunha poboación de 21.379 habitantes ([IGE](#) 2021).

Demográficamente, Fisterra ten unha extensión de 29,4 Km² e conta con 4.714 habitantes. A densidade de 160,34 hab/Km² é elevada en comparación coa de Galicia (91,18 hab/Km²) e moi elevada con respecto á da Comarca (62,91 hab/Km²). A diminución da poboación foi constante dende finais do século XX, con pequenas recuperacións puntuais hasta o 2016 dende o que permanece estable. A pirámide poboacional está invertida pero sen risco de despoboación. Datos do [IGE](#) e [INE](#) do ano 2021.

No que respecta á economía, sendo Fisterra un concello costeiro puidera parecer que a principal actividade económica fose a pesca, sen embargo isto non se axusta á realidade. A crise económica do 2008 golpeou duramente aos sectores tradicionais de desenvolvemento como a pesca e a construción e beneficiou ao sector servizos, es-

pecialmente ao turismo e a hostalería por mor do fenómeno crecente do Camiño de Santiago, destacando na actualidade como motor económico do concello.

2 Características culturais do noso alumnado

Lingüísticamente, segundo unha enquisa de abril de 2016 para o PE do centro, o noso alumnado moi maioritariamente emprega indistintamente o galego e castelá, sendo a lingua galega máis frecuente no ámbito familiar e coas persoas maiores e o castelá gana peso nas relacións persoais e redes sociais.

No plano académico practicamente a totalidade dos nosos estudantes proseguen estudos postobrigatorios tras titular na ESO no noso centro acadando outras titulacións, tanto medias como superiores. Entre os que non chegan a titular e proseguen estudos están os que aproban o acceso a ciclos e cursan un ciclo medio de FP, os que se decantan pola ESA e os que abandonan antes e fan una FP Básica que son unha franca minoría. Os casos de abandono escolar directo desde o noso centro son testimoniais, no curso 2020-2021 só houbo un caso.

Respecto ao acceso as TIC, todo o alumnado dispón dun equipo E-Dixgal e tódalas familias declaran ter acceso a rede. A calidade dese acceso en xeral é bo, con fibra óptica, aínda que algúns casos hai mediante telefonía, compartindo conexión có teléfono móbil, ou ADSL. Estes últimos, residentes nalgunhas áreas rurais onde aínda non chegou a fibra.

3 Contribucións do Proxecto Dixital

Dende fai case 10 anos o Plan TIC é o principal promotor de tódalas actividades e iniciativas do centro relacionadas coas TIC. Inicialmente participamos no Proxecto Abalar e agora no seu herdeiro E-Dixgal o que permitiu acceder a uns recursos tecnolóxicos fora do alcance do presuposto do centro e a posibilidade de dixitalización da nosa actividade. O Proxecto Dixital mantén ese papel vertebrador que afecta a tódalas actividades, pero destacaremos:

- Establece as tarefas propias do Equipo TIC.
- Permite escoller axeitadamente os materiais cos que se vai traballar na aula, fomentando o emprego das TIC.
- Potencia o uso das novas tecnoloxías para o aprendizaxe entre o alumnado e o profesorado.
- Potencia o uso das novas tecnoloxías no cumprimento das tarefas administrativas entre o persoal docente, sobre todo os titores, co fin de acadar unha administración áxil, eficaz e transparente.

- Fomenta a comunicación coa comunidade educativa co fin de conseguir os obxectivos propostos.
- Potencia a publicidade dos asuntos relacionados co centro, xa sexa mediante o correo electrónico, as aplicacións de xestión pedagóxica, redes sociais ou a páxina web.
- Coopera co Plan de Convivencia nos aspectos que atinxen a seguridade e as situacións de risco derivadas da utilización das TIC.

4 Tarefas do Equipo TIC

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Colaborar no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais, contando co apoio do asesor TIC da zona.
- Dar soporte ao profesorado sobre o uso didáctico do equipamento informático do centro.
- Dar formación ao profesorado e ao alumnado durante os meses de setembro e outubro no referente á aula virtual e preparamos para unha posible situación de ensino non presencial.
- Elaborar o proxecto TIC cada ano e xestionar o sitio web do centro.

1.3 Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4 Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixital da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. As decisións foron consensuadas no equipo coas achegas dos participantes e a redacción final realizada entre a mentora e o coordinador TIC.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía, en canto á temporalización, a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente serviran para dar forma ao Plan Dixital.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado da dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos docentes do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do Plan de Acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

5 Infraestrutura

- Rede.
 - O centro forma parte da rede Aulas Conectadas o que supón velocidades de rede de 300Mb/s.
 - Todos os espazos do centro están conectados a rede por cable Ethernet.
 - 8 puntos de acceso Wi-Fi da rede Abalar dan acceso ao 90% da superficie do centro. Cubre todo o espazo de docencia, non cubre administración nin despachos do equipo directivo.
 - 1 servidor de datos.
 - 2 fotocopiadoras.
 - 1 impresora.

6 Equipamento

O ano académico 2021-2022 completamos a incorporación ao Proxecto E-Dixgal polo que tódolos discentes e docentes dispoñen dun equipo para uso individual.

- Equipos de asignación persoal.
 - Para o alumnado.
 - 75 ordenadores portátiles ThinkPad Yoga 11e convertible a tablet. 1 por discente do proxecto E-Dixgal (todo o alumnado do centro).
 - Para o profesorado.
 - 14 ordenadores portátiles Acer TravelMate P259. 1 por docente do proxecto E-Dixgal (todo o profesorado do centro).

Atendendo ao número de dispositivos, a disposición dos recursos TIC para a actividade do centro pódese considerar próxima a plenitude. En datas recentes mediante compras do propio centro e principalmente a través de programas centralizados como Abalar e E-Dixgal actualizáronse a maioría dos ordenadores do alumnado e do profesorado, pero non debemos esquecer que a obsolescencia dos equipos é unha ameaza permanente que agora afecta principalmente a EDIs, canóns, impresoras e outros periféricos.

- Dotación de espazos

- 7 aulas con equipación Abalar.
 - Acceso Wi-Fi.
 - 1 ordenador portátil de aula para o docente.
 - 1 canón proxector dixital con saída de son.
 - 1 encerado dixital interactivo.
 - 1 armario cargador para ThinkPad Yoga con saída de son (4 aulas de referencia).
 - 1 armario para gardar o ordenador portátil (3 aulas de desdobre).
- 1 aula de Informática.
 - 20 ordenadores de sobremesa (4 obsoletos).
 - 1 impresora 3D.
- 3 aulas específicas.
 - 1 proxector con pantalla.
- Biblioteca.
 - 6 ordenadores de sobremesa para o alumnado.
 - 1 ordenador de sobremesa para o profesorado.
 - 1 proxector con pantalla e son.
- Sala de profesores.
 - 2 ordenadores de sobremesa.
 - 1 canón dixital.
- 5 seminarios.
 - 1 ordenador de sobremesa reacondicionado adquirido no 2019.
- Administración.
 - 5 ordenadores de sobremesa, un por usuario. Director, xefa de estudos, secretaria, administrativa e conserxe, este último obsoleto.

7 Servizos dixitais

- Servizos corporativos.
 - EVA E-Dixgal.
 - Aula Virtual oficial.

- Xade.
- Abalar.
- Páxina web.
- Agueiro.
- Servizos non corporativos.
 - Sixa, aplicación integral de xestión académica.
 - Conta Google de Centro Educativo, inclúe Classroom.
 - Varias contas en redes sociais tanto de centro como de actividades concretas en Facebook, Twitter, Instagram.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa (puntuacións do 1 ao 5).

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Secundaria
A -Liderado	Equipo Directivo	3.4
	Profesorado	4.1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4
	Profesorado	4
	Alumnado	3.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4
	Profesorado	4.1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.8
	Profesorado	4.7
	Alumnado	4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3.1
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	3.5

Ademais tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo o perfil do profesorado			
	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	8	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO/OUTROS	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro			
Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82.6	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas				
	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82.6	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis		
	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	2	15.4%
B1	7	53.8%
B2	3	23.1%
C1	1	7.7%
C2	-	-
TOTAL	13	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiren de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p>C2 - 4,8 - No noso centro hai dispositivos dixitais que pode utilizar no meu traballo como docente.</p> <p>C3 - 4,4 - O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C1 - 4,2 - No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C5 - 4,1 - A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p>	<p>C15 - 3,4 - No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten suficiente acceso ás tecnoloxías de apoio.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>E5 - 4,4 - O profesorado emprega recursos educativos abertos.</p> <p>D2 - 4,4 - O profesorado ten acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E4 - 4,3 - O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relacionadas co centro educativo.</p> <p>E2 - 4,3 - O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu método de ensino.</p> <p>E3 - 4,2 - O profesorado utiliza ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>G1 - 4,1 - O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do</p>	<p>G6 - 2,5 - O profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>G5 - 3,1 - O profesorado non utiliza suficientemente as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G10 - 3,2 - O profesorado non valora suficientemente as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo.</p> <p>F6 - 3,3 - Non fomentamos suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2 - 3,4 - Non dispoñemos do tempo necesario para compartir as</p>

	<p>alumnado.</p> <p>E1 - 4,1 - O profesorado busca recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>D3 - 4 - O profesorado intercambia experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>G3 - 3,4 - O profesorado non emprega suficientemente as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>C10 - 4,9 - No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>C8 - 4,8 - No noso centro existen dispositivos dixitais propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p> <p>H10 - 4,1 - O noso equipo directivo garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias.</p>	<p>H13 - 3,1 - No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais suficientemente.</p> <p>H6 - 3,3 - No noso centro o alumnado non aprende suficientemente a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet.</p> <p>H11 - 3,3 - No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar suficientemente.</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2 - 4,2 - Desenvolvemos a estratexia dixital do noso centro entre todos.</p> <p>C11 - 4 - No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p>	<p>A4 - 3,3 - Non dispoñemos do tempo necesario para explorar como mellorar os métodos de ensino coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C16 - 3,3 - No noso centro non existen suficientes repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.</p> <p>G8 - 3,4 - Non facilitamos suficientemente ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		<p>B4 - 2,9 - Non colaboramos suficientemente con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3 - 3,1 - Non utilizamos suficientemente as tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións.</p>

3 Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1 Obxectivos, indicadores, accións e seguimento.

"Área/s de mellora": H - Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 1	(H13) Creación de videotitoriais para a resolución dos problemas relacionados coas TIC máis habituais cos que se atopa o alumnado do noso centro.					Acadado	
RESPONSABLE	Coordinador E-Dixgal do centro.					Non acadado	x
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de videotitoriais creados.						
Valor de partida	0 videotitoriais.						
Valor previsto e data	4 videotitoriais.					30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Detectar os problemas máis habituais coas TIC.	Coordinador E-Dixgal do centro.	15/10/2022	Recursos persoais: persoas titoras, alumnado e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: enquisa e ordenadores. Recursos temporais: unha ou varias sesións de titoría.	Informado en claustro o 07/09. Tratado en CCP o 29/09.	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Formar un equipo de alumnado na resolución dos	Coordinador E-Dixgal do centro.	20/12/2022	Recursos persoais: alumnado implicado e coordinador E-	Abandónase por falta de confianza na efectividade	Realizada		
					Aprazada		

problemas máis habituais coas TIC.			Dixgal. Recursos materiais: equipamento E-Dixgal. Recursos temporais: varias sesións de titoría.	da acción.	Pendente	x
A01.3: Formar un equipo de alumnado na creación videotitoriais didácticos que axuden ao resto da comunidade educativa a solucionar ditos problemas e crealos utilizando distintas ferramentas dixitais.	Coordinador E-Dixgal do centro.	31/05/2023	Recursos persoais: alumnado implicado e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: ordenadores, micrófonos e software de gravación e edición (Kazam, VLC, ScreenStudio, Vokoscreen, KDenlive, Audacity). Recursos temporais: varias sesións de titoría e horario complementario. Recursos económicos: orzamento.	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x
A01.4: Publicar e dar publicidade as producións realizadas na páxina web do centro.	Coordinador E-Dixgal do centro.	15/06/2023	Recursos persoais: coordinadora da Biblioteca e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: equipos e aplicacións informáticas. Recursos temporais: horario complementario.	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x

"Área/s de mellora": G - PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN

OBXECTIVO 2	(G5) Incluir nos proxectos didácticos unha autoavaliación do alumnado ao final de cada trimestre en forma de cuestionario xogado tipo Kahoot, Tirvinet, Quizizz, etc.	Acadado	x
RESPONSABLE	Xefa de estudos.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de departamentos que inclúen a actividade trimestral na programación.		
Valor de partida	0% dos departamentos.		
Valor previsto e data	50% dos departamentos.	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Discusión e acordo na CCP preparatoria do curso.	Xefa de estudos.	30/09/2022	Recursos persoais: dirección, equipo docente, coordinador E-Dixgal e orientadora do centro. Recursos temporais: reunión inicial da CCP.	Informado en claustro o 07/09. Tratado en CCP o 29/09.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Planificar actividades dentro de cada departamento coa colaboración do Departamento de Orientación.	Xefa de estudos	Actualización trimestral e hasta o 10/06/2023	Recursos persoais: profesorado e departamentos didácticos. Recursos materiais: software de gamificación, aínda que procurárase a utilización de software libre; equipos informáticos; web do centro; e repositorio de contidos da	O profesorado participante prefire aplicacións privadas dispoñibles en internet, principalmente empregan Kahoot.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	

			administración.			
A02.3: Realizar a actividade de avaliación e reflexión.	Xefa de estudos.	Actualización trimestral e hasta o 20/06/2023	Recursos persoais: alumnado e profesorado das respectivas materias. Recursos materiais: equipos informáticos do alumnado.	A maioría emprega actividades xa feitas por outros usuarios.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Rexistrar os resultados estadísticos da metaavaliación nun documento específico.	Xefa de estudos.	30/06/2023	Recursos persoais: xefes de departamento e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: software estadístico e documento de rexistro.	Obxectivo superado co 53,85 % de participación departamental.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F- PEDAGOXÍA : IMPLEMENTACIÓN EN EL AULA

OBXECTIVO 3	(F6) Implementar un proxecto interdisciplinar anual no que participe a totalidade do alumnado de cada curso, utilizando tecnoloxías dixitais.	Acadado	x
RESPONSABLE	Xefa de estudos e orientadora.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de estudantes participantes en proxectos interdisciplinares.		
Valor de partida	20% de estudantes participantes en proxectos interdisciplinares (Clubs de Ciencia e Lectura).		
Valor previsto e data	30% de estudantes participantes en proxectos interdisciplinares	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1:Acordo dos proxectos anuais e accións a desenvolver.	Xefa de estudos e orientadora.	30/09/2022	Recursos persoais: equipos docentes participantes nos proxectos e coordinador E-Dixgal.	Informado en claustro o 07/09.	Realizada	x
				Tratado en CCP o 29/09.	Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Difusión das actividades do proxecto na Páxina Web.	Persoa responsable da páxina web.	Actualización trimestral e hasta o 20/06/2023	Recursos persoais: equipos docentes participantes nos proxectos e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: equipos informáticos, web do centro.	As actividades foron colgadas na páxina web do centro conforme se producían. Tamén en outras páxinas e blogs adicados.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Utilización de	Persoas	Actualización	Recursos persoais: alumnado e	Empregáronse	Realizada	x

tecnoloxías dixitais por parte do alumnado nas actividades dos proxectos, especialmente na procura, selección e transmisión de información.	responsables dos proxectos interdisciplinares.	trimestral e hasta o 20/06/2023	equipos docentes participantes nos proxectos e coordinador E-Dixgal. Recursos materiais: equipos informáticos, fondos bibliográficos e material didáctico diverso.	ordenadores, tablets, móbiles, libros dixitales e aplicacións de lectura, multimedia, follas de cálculo, procesadores de texto, etc.	Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Rexistrar os resultados estadísticos nos documentos específicos dos proxectos.	Persoas responsables dos proxectos interdisciplinares.	30/06/2023	Recursos persoais: persoas responsables dos proxectos interdisciplinares. Recursos materiais: ordenadores.	Obxectivo previsto superado ampliamente co 49,35% de participación estudiantil.	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

8 Equipamento

Pantallas dixitais interactivas ou combos de canón dixital máis EDI para as aulas específicas. Aínda que contamos con proxectores e pantallas nas aulas específicas, sería conveniente actualizar a combos. Para o vindeiro curso nos informaron de que está prevista a substitución nas aulas E-Dixgal destes combos por pantallas dixitais interactivas co que poderíamos dotar cos combos Abalar as aulas específicas o que resolvería esta necesidade.

9 Infraestrutura

Cobertura Wi-Fi en todo o centro que se solucionaría cun ou dous puntos de acceso máis. Durante o ano académico 2020-2021 melloramos moito a conectividade Wi-Fi, pasando de ter cobertura só en catro aulas Abalar a tela en tódalas áreas de docencia agás a aula de PT, máis na sala de profesores, pero quedan dous espazos sen cobertura: un que abarca a aula de PT e os departamentos didácticos; e outra que abarca os despachos de dirección, secretaría, conserxería e entrada principal. Hoxe en día todos temos equipos portátiles -ordenadores, tabletas, móbiles- e resulta pouco práctico que non se podan empregar en estes espazos sen cobertura ou fallen ao visitalos para amosar algunha información relevante.

4 Avaliación do Plan Dixital

4.1 Seguimento do Plan de Acción

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final de cada un dos trimestres do curso 2022-2023. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas do noso Plan de Acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 2022-2023. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do Plan de Acción para o seu cumprimento.

4.2 Valoración xeral.

4.2.1 (H13) Creación de videotutoriais para a resolución dos problemas relacionados coas TIC máis habituais cos que se atopa o alumnado do noso centro.

- Abandónase en decembro por falta de confianza na efectividade da acción.
- Para que un servizo FAQ funcione adecuadamente é necesario ter desde o principio resposta a tódolos problemas máis comúns, que son moitos máis de catro, xa que se un usuario accedese varias veces buscando respostas e non as atopase, con alta probabilidade deixaría de visitar o servizo definitivamente.
- O importante esforzo inicial queda alén dos nosos máis que modestos recursos humanos polo que acabaría sendo un dispendio de medios.

4.2.2 (G5) Incluír nos proxectos didácticos unha autoavaliación do alumnado ao final de cada trimestre en forma de cuestionario xogado tipo Kahoot, Tirvinet, Quizizz, etc.

- O obxectivo previsto nunha participación do 50% dos departamentos finalmente superouse no terceiro trimestre co 53,85% de participación departamental.

- O obxectivo veuse lastrado polo importante número de baixas e persoal non definitivo no centro durante o curso, xa que estas persoas non participaron no consenso inicial. Sirva como exemplo a situación a final de curso: nun claustro de 14 persoas, 3 substitutos e 5 non definitivos. Máis do 50% do cadro de persoal non participou no consenso inicial.
- O profesorado participante preferiu aplicacións privadas dispoñibles en internet, empregaron principalmente Kahoot e Quizizz.
- A maioría do profesorado participante empregou actividades xa feitas por outros usuarios destes servizos.

Plan de acción - IES FdC – CURSO 2022-2023

(G5) Incluir nos proxectos didácticos unha autoavaliación do alumnado ao final de cada trimestre en forma de cuestionario xogado tipo Kahoot, Tirvinet, Quizizz, etc.

Departamentos	1ª Aval	2ª Aval	3ª Aval
EF	VERDADERO	VERDADERO	VERDADERO
Mat	VERDADERO	VERDADERO	VERDADERO
LCeL	FALSO	FALSO	FALSO
LGeL	FALSO	FALSO	FALSO
BeX	VERDADERO	VERDADERO	VERDADERO
FeQ	FALSO	FALSO	FALSO
LIng	VERDADERO	VERDADERO	VERDADERO
LFr	FALSO	FALSO	VERDADERO
ArtPl	FALSO	VERDADERO	VERDADERO
Tecn	FALSO	FALSO	FALSO
XeH	VERDADERO	FALSO	FALSO
RelCat	FALSO	FALSO	FALSO
Ori	VERDADERO	FALSO	VERDADERO
	46,15 %	38,46 %	53,85 %

4.2.3 (F6) Implementar un proxecto interdisciplinar anual no que participe a totalidade do alumnado de cada curso, utilizando tecnoloxías dixitais.

- O obxectivo previsto nunha participación do 30% de estudantes participantes en proxectos interdisciplinares, sumando Clubs de Ciencia e Lectura superouse amplamente co 49,35% de participación estudantil.

- En total temos un Club de Ciencia, dous Clubs de Lectura tradicional e outros dous Clubs de Lectura Manga. A división dos Clubs de lectura faise por idade principalmente.
- As actividades cólganse na páxina web do centro ou en outras páxinas, blogs ou contas adicados conforme se producen.
- Empregáronse ordenadores, tabletas, móbiles, libros dixitais e aplicacións de lectura, multimedia, follas de cálculo, procesadores de texto, etc.

Plan de acción - IES FdC – CURSO 2022-2023

(F6) Implementar un proxecto interdisciplinar anual no que participe a totalidade do alumnado de cada curso, utilizando tecnoloxías dixitais.

	1ª ESO	2ª ESO	3ª ESO	4ª ESO	Totales
--	--------	--------	--------	--------	---------

Total Discentes	18	15	24	20	77
------------------------	----	----	----	----	----

Club de Ciencias					
Alumnos	7	2	2	2	13
Alumnas	8	1	3	7	19
Subtotales	15	3	5	9	32
Subtotales %	83,33 %	20,00 %	20,83 %	45,00 %	41,56 %

Clubs de Lectura					
Alumnos	1	0	2	6	9
Alumnas	10	0	5	5	20
Subtotales	11	0	7	11	29
Subtotales %	61,11 %	0,00 %	29,17 %	55,00 %	37,66 %

Tódolos Clubs					
Alumnos	7	2	2	6	17
Alumnas	8	1	5	7	21
Totales	15	3	7	13	38
Totales %	83,33 %	20,00 %	29,17 %	65,00 %	49,35 %

4.3 Propostas de mellora.

Seguir o curso 2023-2024 profundando nas dúas liñas que funcionaron.

- (G5) Incluir nos proxectos didácticos unha autoavaliación do alumnado ao final de cada trimestre en forma de cuestionario xogado tipo Kahoot, Tirvinet, Quizizz, etc.
 - Manter a porcentaxe de participación departamental no 50%.

- Fixar unha cantidade significativa de actividades de deseño propio. Que al menos el 50% dos departamentos participantes teñan unha actividade de deseño propio.
- (F6) Implementar un proxecto interdisciplinar anual no que participe a totalidade do alumnado de cada curso, utilizando tecnoloxías dixitais.
- Incrementar o obxectivo previsto nunha participación do 35% de estudantes participantes en proxectos interdisciplinares, sumando Clubs de Ciencia e Lectura.

5 Difusión do Plan Dixital

Os membros do Consello Escolar e do Claustro recibirán copia do Plan Dixital por correo electrónico previamente a súa aprobación. Unha vez atendidas as peticións; de ser o caso, feitas as modificacións pertinentes; e aprobado o Plan; publicarase na [web do centro](#) onde permanecerá para a consulta dos membros da comunidade educativa. Adicionalmente, notificarase ás familias a publicación por AbalarMóbil.